

O obradoiro **Xogando coa tradición** vaise dividir en dúas partes:

Na primeira, partiremos dunha melodía e letra tradicionais e chegaremos a facer unha adaptación da letra para poder empregala co noso alumnado traballando aqueles contidos que nos resulten máis interesantes.

A PULGA NA PALLA

A pulga na palla
Quíxose casar
Faltáballe o pan
Onde o foi buscar?
Saíu o raposo
Detrás do toxeiro
Chamádeme a min
Que eu son panadeiro.

Retrouso:

Imos todos aprender
os oficios a facer (bis todo)

Retrouso

Agora vidiña
roupiña xa temos
fáltannos gaiteros
onde os buscaremos?
E saíu o grilo aí!,
do seu grileiro,
chamádeme a min
que eu serei gaitero.

Retrouso

Agora vidiña
panciño xa temos
fáltanos a roupa
onde a atoparemos.
Saíu aí!, a araña
da súa arañeira,
chamádeme a min
que eu son tecedeira.

Agora vidiña
gaiteros xa temos
fáltannos danzantes
onde os buscaremos?
E saíu o sapo
por moi abundante,
chamádeme a min
que eu serei danzante. (bis todo)

ESTÁN A PENSAR

María e Xalo
están a pensar
en que de maiores
ían traballar
e díxolles Alba
coas súas brochas gordas
podedes probar
a serdes pintoras.

Retrouso
Imos todos aprender
os oficios a facer.

María e Xalo
seguen a pensar
en que de maiores
ían traballar
e díxolles Alex
collendo os apeiros
podedes probar
a serdes labregos.

Retrouso

María e Xalo
seguen a pensar
en que de maiores
ían traballar
e díxolles Pepe
cos seus depresores
podedes probar
a serdes doutores.

Retrouso

María e Xalo
seguen a pensar
en que de maiores
ían traballar
e díxolles Ana
collendo a manguera
podedes probar
a serdes bombeiras.

Xa na segunda parte centrarémonos nas danzas de Entroido e coñeceremos os seguintes temas cos seus bailes:

Danzas de Entroido:

1. Os Folións, Galicia
2. Il Ballo dei Gobbi, Italia
3. El Ciempiés, Colombia

1. OS FOLIÓNS

Entroido tradicional da montaña de Ourense.

Varios concellos de Ourense celebran o Entroido ao son dos foliós. Os foliós son agrupacións de persoas dunha parroquia que con gadañas, bombos, cornas e demais trebellos interpretan acompasadamente un ritmo que denominan “toque”. Cada parroquia ten un toque que a identifica. Os foliós van acompañados por un personaxe que é a máxima autoridade e ao que todos lle deben obediencia. Esta figura en Vilariño de Conso recibe o nome de boteiro e no Bolo o de mázcara.

Os boteiros ou mázcaras van ao mando do folián, dirixindo os seus pasos por todas as rúas da vila ou aldea, varias horas, todos os días que dura o Entroido. Nalgunhas parroquias, bailan dando saltos, facendo soar as súas “esquilas” (chocas) con pasos acordes ao toque. Así acontece coas mázcaras de Buxán no Bolo e cos boteiros da parroquia de Sabuguido en Vilariño de Conso.

Bailar o Folián non é difícil, pero si temos que estar dispostos a cansarmos un pouco e choutar seguindo o toque.

Formación espacial: Os boteiros e as mázcaras van diante do folián abrindo paso entre o público que observa. Paso dos boteiros de Sabuguido en Vilariño de Conso e das mazcaras de Buxan no Bolo

Os pasos explicáronse de xeito práctico no obradoiro.

2. BALLO DEI GOBBI

Música: Tradicional / Arr. Pablo Pérez

Baile: tradicional

Danza de Entroido do centro de Italia, na Emilia Romana.

Tradicionalmente este baile realízase no ritual do Entroido.

O nome é “ballo dei gobi”, que significa danza dos corcovados ou chepudos, e normalmente era danzado só por homes.

Como moitas das danzas italianas do Entroido, posúe brincadeiras coma os xestos, mostra o exceso e tamén a representación dun mundo ao revés: por exemplo, os corcovados, que normalmente están á marxe da sociedade, tórnanse os protagonistas, celebrando o funeral do Entroido.

Tradicionalmente neste baile os corcovados andan en tríos e van gastando bromas, brincando coas mulleres na rúa, provocando o caos.

No remate, forman unha roda arredor dun personaxe que está deitado no chan e que representa o Entroido morto. Danzan para celebrar a súa morte, que representa o final do inverno.

Formación espacial: roda sinxela de tríos cara ao centro do círculo.

Composición musical: AB...

Composición coreográfica: AB AB AB ABB.

Parte A

Roda onde os bailadores, que están en tríos, camiñan dunha maneira ridícula, facendo carantoñas e gastando bromas.

Parte B (son os xestos)

Os bailadores, en tríos, imitan os xestos do guía, estes realízanse en alternancia co guía, como pregunta resposta.

Un xesto pode ser o de saudar facendo unha flexión de tronco cara a adiante e quitando o chapeu. Isto faino primeiro o guía e cando el se ergue son os outros dous os que se baixan.

A primeira vez que se fai o xesto, este dura dous tempos e nas repeticións dura un tempo. Os xestos fanse un total de sete veces.

Propostas de xestos:

Balancearse lateralmente, pór os cornos estendendo os dous brazos por diante, facer un corte de mangas, tocar a barriga, dar media volta e tocar o cu.

Os xestos poden ir na orde que está descrita ou noutra calquera que decida o profesor.

Suxestións Creativas:

No canto de ir en tríos, pódese suxerir que se coloquen en parellas, en grupos de 4, etc.

Suxestións parte A:

No canto de ir en rodas, iren movéndose libremente pola sala e saudando aos outros grupos de compañeiros cando se crucen con eles.

Traballar os sentimentos, dicirlles “agora imos andar coma corcovados felices, agora como corcovados tristes, agora como corcovados enfadados...”

Suxestións parte B:

Que eles creen e propoñan os seus xestos.

Que só haxa un guía que propoña os xestos para todos.

Como vestirnos para bailar “Ballo dei gobi”

Nenos e nenas iguais.

Usar roupa que teñan na casa dos pais ou dos avós

1º Pantalón

2º Camisa branca ou de cadros

3º Un chaleco

4º Un pano cadrado

5º Un caxato. Se non se atopa, coller un pau de vasoira e cortalo co longo que se precise.

6º Algo para a cabeza: chapeu de pano, palla ou boina.

3. DANZA DEL CIEMPIÉS

Música: Tradicional / Arr. Pablo Pérez

Baile: tradicional

Danza de Entroido de Barranquilla, Colombia.

Esta danza ten un carácter alegórico que representa os movementos dun cempés, fai referencia á unión e o traballo en equipo e posúe un carácter lúdico e recreativo. De antigo, cando había festas cerimoniais nas prazas das vilas do Distrito do Magdalena, a xente uníase nunha ringleira agarrándose das cadeiras e bailaban, Este ritual chamábase "el ciempiés". Cando chegou a Barranquilla mudou o nome por "Danza del Gusano". Atópase dentro das danzas especiais incorporadas ó Entroido de Barranquilla sendo o resultado do sincretismo entre os costumes relixiosos transportados dende Europa polo conquistador, as crenzas, mitos e costumes dos escravos africanos e as tradicións aborixes. O seu vestiario intenta emular as cores e rasgos típicos dun verme ou cempés. Á hora de representala colócase na cabeceira o bailador máis alto e no fin da ringleira o máis pequeno.

Disposición espacial: en ringleira, situándose no cabeceiro a persoa máis alta e na fin a máis baixa.

O bailador ou bailadora do cabeceiro vai propoñendo os pasos e o resto da fila séguelos.

Pasos e figuras empregados:

Distintos pasos e movementos que explicaremos dun xeito práctico.

Como vestirnos para bailar "El Ciempies":

Nenos e nenas iguais


1º Vestir de verde: camiseta e pantalóns verdes

2º Para a cabeza facemos unhas pañoletas con tea verde, o que vai de primeiro na pañoleta poñerémolle uns ollos feitos con pompóns de la.

3º Cun par de calcetíns faremos unhas mangas e o outro par de calcetíns poñerémolo nas pernas.

4º Con rafia verde e amarela simularemos os pelos do verme, poñerémola nos ombros, nos brazos e nas pernas.

5º O que vai de último da fila leva un rabo feito con rafia



Material de apoio e músicas podeades atopalos nos traballos de pesdelán:

Na punta do Pé (editorial Kalandraka)

Entroidanzas (autoedición)

Por se precisades máis información ou vos xurde algunha dubida, aquí deixo o meu correo:
productions@merlobranco.com